

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**Organismo: DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS EXTERIORES E COA UNIÓN EUROPEA****SUMARIO:**

Orde do 14 de xuño de 2024 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, para a execución de proxectos de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global a executar polas organizacións non gobernamentais de desenvolvemento e se procede á súa convocatoria (código de procedemento PR804A)

As políticas de cooperación para o desenvolvemento humano, orientadas a unha real superación da pobreza e as desigualdades, precisan de iniciativas universais de promoción da solidariedade e a equidade, en aras da configuración dunha cidadanía global. Á cooperación internacional propia dos distintos gobernos estatais únese tamén a vontade de cooperación que xorde de forma descentralizada nas comunidades autónomas e noutras administracións territoriais, así como en institucións ou axentes sociais e económicos diversos que senten como un deber ético común o compromiso de traballar pola consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) para 2030, aprobados pola Asemblea Xeral de Nacións Unidas o 25 de setembro de 2015, seguindo criterios de eficacia e calidade da axuda. Coa aprobación polo Parlamento de Galicia das sucesivas leis reguladoras da cooperación para o desenvolvemento, a Comunidade Autónoma de Galicia reafirma este compromiso e asume como propia a responsabilidade de cooperar con outros países para propiciar o seu desenvolvemento integral, contribuír á mellora das condicións de vida dos seus habitantes e aliviar e corrixir as situacións de pobreza e desigualdade, así como a conformación dunha cidadanía global fomentando a educación para o desenvolvemento e a sensibilización da sociedade galega sobre as realidades dos países empobrecidos, as causas da pobreza, potenciando valores humanistas, de convivencia pacífica, tolerancia, xustiza e igualdade, para a construción dunha cidadanía global, crítica, activa ante as inxustizas e participativa para a construción dun mundo mellor.

Tendo en consideración isto, deben aprobarse as bases reguladoras do ano 2024 para a execución de proxectos de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global a executar polas organizacións non gobernamentais de desenvolvemento de Galicia.

Á súa vez, procede convocar a concesión de subvencións con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, de acordo con estas bases reguladoras que garanten os principios de publicidade, concorrência e obxectividade.

En atención a estes principios e obxectivos, e en uso das atribucións que me confire o Decreto 136/2024, de 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, o cal atribúe á Subdirección Xeral de Cooperación Exterior as funcións relativas ás competencias de impulso da acción de cooperación ao desenvolvemento,

DISPOÑO:

Artigo único

1. Aprobar as bases reguladoras que figuran como anexo I desta orde para a concesión de subvencións de proxectos de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global a executar polas organizacións non gobernamentais de desenvolvemento (código de procedemento PR804A).
2. Convocar as subvencións con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para 2024 e 2025, de acordo coas bases reguladoras aprobadas nesta orde, por un importe total de 600.000 euros (240.000 euros no ano 2024 e 360.000 euros no ano 2025) que se financiarán con cargo á aplicación orzamentaria 35.07.331A.481.0.
3. Os importes previstos poderán ser incrementados ao longo do exercicio, nos supostos establecidos no artigo 31.2 da Lei de subvencións de Galicia, e tras declaración previa de dispoñibilidade de crédito, logo da modificación orzamentaria que proceda. Se é o caso, a ampliación de crédito deberase publicar nos mesmos medios que esta convocatoria, sen que tal publicidade implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio de novo cómputo de prazo para resolver. A alteración da distribución establecida

nesta convocatoria non precisará de nova convocatoria, pero si das modificacións que procedan no expediente de gasto e da publicación nos mesmos medios que a convocatoria.

4. Contra estas bases reguladoras e a convocatoria cabe interpoñer os seguintes recursos:

a) Potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

b) Directamente, recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Disposición adicional primeira

Apróbase a delegación de atribucións da persoa titular da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes no director xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea para resolver a concesión ou denegación das axudas e subvencións previstas nesta orde, de acordo co establecido no artigo 3.5 da Orde do 14 de xullo de 2022 sobre delegación de competencias na Secretaría Xeral Técnica e noutros órganos desta consellería.

Autorízase ao director xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea para ditar, no ámbito das súas competencias, as instrucións precisas para o desenvolvemento e cumprimento desta orde.

Disposición adicional segunda

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 14 de xuño de 2024

Diego Calvo Pouso
Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes

ANEXO I

Bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global a executar polas organizacións non gobernamentais de desenvolvemento
Axudas a ONGD para proxectos de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global

Artigo 1. *Obxecto*

Estas bases regulan a concesión de subvencións para proxectos desenvolvidos dentro dalgunha das catro dimensións seguintes (código de procedemento administrativo PR804A):

- a) Sensibilización e concienciación da opinión pública en materia de cooperación para o desenvolvemento e causas da pobreza.
- b) Formación sobre o desenvolvemento e difusión nos ámbitos educativos do coñecemento da realidade dos países empobrecidos e da cooperación para o desenvolvemento.
- c) Investigación sobre o desenvolvemento.
- d) Incidencia, participación e mobilización social para crear redes de solidariedade na nosa sociedade.

Artigo 2. *Entidades beneficiarias*

As entidades beneficiarias da concesión de subvencións serán as organizacións non gobernamentais para o desenvolvemento que estean inscritas na sección A do Rexistro

Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento e as agrupacións lideradas por ONGD cos outros axentes de cooperación definidos na lexislación vixente de cooperación para o desenvolvemento.

Non se considerará agrupación de entidades a aquelas que estean formadas por unha asociación ou federación á que pertenza a devandita organización, ou aquelas nas que os órganos de goberno sexan coincidentes, total ou parcialmente, en todas as entidades agrupadas. Así mesmo, non terá a condición de entidade agrupada aquela que non participe economicamente na xestión do proxecto, ben con cargo á subvención ou ben con aportes propios.

Artigo 3. Requisitos que deben reunir as entidades solicitantes e os proxectos

Non pasarán á fase de valoración as solicitudes presentadas que non cumpran algún dos requisitos seguintes:

3.1. Requisitos que deben reunir as entidades solicitantes e/ou agrupadas:

a) Estar inscritas no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento con, polo menos, un ano de antelación ao día de publicación da convocatoria. As comunidades galegas no exterior que consten inscritas no Rexistro de Centros e Comunidades Galegas dependente da Secretaría Xeral da Emigración e as Universidades quedan exentas de cumprir este requisito.

b) Ter correctamente xustificadas as axudas recibidas por parte da Xunta de Galicia para as anualidades de 2022 e anteriores doutros proxectos en materia de educación para o desenvolvemento antes da data de presentación da solicitude para esta convocatoria, agás no caso de ter concedida a oportuna ampliación do prazo de xustificación. Así mesmo, é necesario que se efectuase o correspondente ingreso nos casos nos que, sobre as entidades beneficiarias de axudas económicas, recaese resolución administrativa ou xudicial firme de reintegro.

c) Non incorrer en ningún dos supostos previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3.2. Requisitos dos proxectos:

- a) Non estar iniciada a execución do proxecto antes do 1 de xaneiro de 2024, sendo necesario que o seu inicio sexa no propio ano 2024. Nos supostos nos que o proxecto teña carácter anual, deberá executarse antes do 30 de decembro do ano de concesión da subvención. No caso de proxectos con carácter plurianual, deberán executarse antes do 30 de decembro do ano seguinte ao de concesión da subvención.
- b) Que se leven a cabo no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia. Non obstante, os proxectos poderán considerar traballo fóra de Galicia (resto de España, Europa e países prioritarios) sempre que os gastos destas actividades sexan realizados para aportar ás intervencións información e perspectiva dos países do Sur e/ou a participación en redes.
- c) O orzamento dos proxectos deberá cumprir co que establece o artigo 8 “gastos do proxecto” desta convocatoria, en especial o relativo aos límites máximos establecidos nalgunha das partidas e a imputación adecuada dos gastos.
- d) O cofinanciamento do proxecto correspondente á entidade solicitante e a outros financiadores diferentes á Xunta de Galicia, non pode ser o 100% valorizado, ten que existir nalgún caso achega financeira ao proxecto.
- e) O emprego dos documentos de formulación normalizados (tanto o técnico como o económico) adaptados á presente convocatoria.

Artigo 4. Forma, lugar e prazo de presentación das solicitudes

4.1. As solicitudes deberán presentarse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado (anexo II) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, se algunha das persoas interesadas

presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos considerárase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

As solicitudes poderán presentarse no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

4.2 As entidades solicitantes poderán presentar un máximo de dous proxectos, ben sexan individuais ou ben en agrupación con outras entidades.

Os proxectos presentados por unha agrupación de entidades contan como un proxecto presentado por cada unha das entidades agrupadas. Polo que respecta ás universidades, esta limitación aplicárase por departamento ou entidade dependente.

Artigo 5. *Documentación complementaria*

5.1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude (anexo II) a seguinte documentación, que se presentará no modelo oficial do documento de formulación de presentación do proxecto (de formulación técnica e do orzamento do proxecto) e que poderá descargarse da páxina web da Cooperación Galega <https://cooperacion.xunta.gal/>. A documentación das carpetas 1 e 2, presentaranse obrigatoriamente en soporte electrónico e a través da sede electrónica da Xunta de Galicia.

Carpeta 1: información relativa á entidade solicitante que, no caso de agrupación de entidades, deberase xuntar de cada unha das agrupadas.

a) Copia das contas anuais da entidade (ingresos de carácter público e privado e gastos) da última liquidación do orzamento rendida e aprobada polo órgano competente da entidade. Desta obriga quedarán exceptuadas as universidades no caso das agrupacións de entidades.

b) Memoria da organización en Galicia na que se inclúan as accións da entidade nos últimos dous anos. Farase especial mención aos proxectos de educación para o desenvolvemento realizados, así como aos proxectos levados a cabo no ano anterior financiados por entidades galegas, públicas ou privadas.

c) Plan/estratexia de educación para o desenvolvemento en Galicia e/ou plan/estratexia específica nas áreas de educación, formación, sensibilización, investigación, ou incidencia e mobilización social da organización en Galicia para os seguintes anos na que se enmarca o proxecto presentado ou, no seu caso, o Plan continuo de mellora da entidade.

d) A/s entidade/s agrupada/s distinta/s da solicitante deberán xuntar unha declaración de que se atopa ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e coas obrigas de reintegro de subvencións e non estar incurso/s en ningunha das restantes circunstancias previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na súa normativa de desenvolvemento e no artigo 13 da lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións segundo o modelo do Anexo III.

e) No caso de agrupación de entidades deberá xuntar o contrato ou acordo de colaboración asinado polas persoas que ostenten a representación legal das entidades polo que se obrigan solidariamente ante a Xunta de Galicia polas posibles responsabilidades derivadas da execución do proxecto e, se é o caso, ao reintegro total ou parcial das subvencións nos supostos de falsidade ou ocultación de datos ou incumprimento pleno ou parcial dos fins para os que se lle concedeu a subvención.

No contrato ou acordo de colaboración entre as entidades agrupadas designarán unha persoa que ostente a representación legal, que necesariamente pertencerá á entidade solicitante, e un enderezo único para os efectos de notificacións. Así mesmo, deberán facer constar, como mínimo, os seguintes extremos:

- Compromisos de execución asumidos por cada entidade membro da agrupación, así como os importes da subvención e os aportes propios a executar por cada unha delas en cada anualidade.

- Compromiso da entidade solicitante de responsabilizarse do control financeiro e contable unificado do proxecto e de comunicación perante a Xunta de Galicia de todos os ingresos e gastos do proxecto.

A agrupación non poderá disolverse, con respecto ás responsabilidades adquiridas da axuda concedida polo proxecto subvencionado pola presente convocatoria, ata que transcorra o prazo de prescrición de catro anos dende a finalización da execución do proxecto. No caso das universidades o contrato ou acordo de colaboración deberá ser asinado polo seu representante legal.

f) No caso de agrupación de entidades na que participen as universidades, estas incluírán unha certificación, expedida pola persoa que ostente a representación legal segundo o establecido ao respecto na normativa de universidades e nos respectivos estatutos, autorizando a participación no proxecto e autorizando, así mesmo, o compromiso de gasto correspondente.

g) No caso de agrupación de entidades na que participen os axentes de cooperación que pola súa natureza xurídica posúan ánimo de lucro achegarán documento de compromiso de non obter ningún beneficio da operación. O devandito documento estará asinado pola persoa que ostente a representación legal da entidade.

Carpeta 2: información sobre o proxecto de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global.

A información sobre o proxecto presentarase nos seguintes documentos normalizados que poderán descargarse da páxina web da Cooperación Galega <https://cooperacion.xunta.gal/>:

- Formulario de presentación do proxecto, en formato pdf, Word/ou o correspondente en LibreOffice.
- Orzamento do proxecto, en formato Excel/ou o correspondente en LibreOffice.

Calquera problema, dúbida ou aclaración poderá formularse directamente ante a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea ou a través do enderezo electrónico cooperacion.exterior@xunta.gal.

5.2. A falta de documentación e/o información en algunha das carpetas 1 e 2 impedirán a avaliación do proxecto se non se procede á súa emenda dentro do prazo establecido no artigo 10 da presente orde. Quedará excluído de emenda o non envío ou envío noutro formato os documentos normalizados de formulación técnica e económica da carpeta 2 non incorporados coa solicitude inicial.

5.3. De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non será necesario achegar os documentos que xa foran presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán recadados electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se puideran obter os citados documentos, poderá solicitarse novamente á persoa interesada a súa achega.

5.4. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos considerárase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

5.5. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, a persoa interesada ou representante deberá indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número do expediente se se dispón del.

5.6. No caso de que algún dos documentos a presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivera un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 6. Comprobación de datos

Para a tramitación deste procedemento poderán consultarse automaticamente, tanto da entidade solicitante como da/s entidade/s agrupada/s no seu caso, os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas Administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- NIF da entidade solicitante e agrupada, no seu caso.
- DNI ou NIE da persoa representante.
- Certificado da Axencia Estatal da Administración Tributaria de estar ao corrente do pagamento das obrigas tributarias para a solicitude de axudas e subvencións
- Certificado da Tesouraría Xeral da Seguridade Social de estar ao corrente nos pagos.
- Certificado de estar ao día no pagamento de débedas coa Administración pública da comunidade autónoma.
- Vixencia dos datos depositados no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento.

- Inhabilitación para obter subvencións e axudas.
- Concesión de subvencións e axudas.

No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no anexo II e III, no seu caso, e achegar os documentos.

Cando así o esixa a normativa aplicable solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas que presenten os documentos correspondentes.

Non obstante do anterior, e en aplicación do establecido no artigo 31.7 i) da lei 9/2007, do 30 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, de desenvolvemento da anterior, no caso de entidades sen fins lucrativos, bastará coa declaración responsable da persoa solicitante de non estar incurso/s en ningunha das circunstancias previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na súa normativa de desenvolvemento e no artigo 13 da lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, para acreditar atoparse ao corrente nas obrigas tributarias e fronte á seguridade social e non ter pendente de pagamento algunha outra débeda coa administración pública da comunidade autónoma e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, declaración que se considerará suficiente aos efectos de concesión e pagamento da subvención, no seu caso.

Artigo 7. Condicións de financiamento

7.1. Con cargo a esta convocatoria a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea poderá financiar ata un 95% do orzamento total do proxecto, non superando en ningún caso a subvención concedida os 35.000 euros. Para proxectos que se executen só durante o ano 2024 a subvención máxima concedida será de 25.000 euros.

Nos proxectos presentados por varias entidades en agrupación, a subvención concedida non superará o límite dos 45.000 euros. Para proxectos en agrupación que se executen só durante o ano 2024 a subvención máxima concedida será de 35.000 euros.

7.2. A subvención concedida aos proxectos plurianuais distribuirase do seguinte xeito: o 40% no ano 2024 e o 60% no 2025. No caso de que na solicitude de subvención a entidade solicitante non respecte esta porcentaxe, axustarase de oficio pola administración concedente e comunicarase coa resolución de concesión, e entenderase a súa conformidade coa aceptación posterior da subvención da entidade beneficiaria. Esta distribución non será obrigada no caso da última subvención concedida, a cal poderá acadar unhas porcentaxes diferentes en función do crédito que estea dispoñible para cada anualidade.

7.3. A contía mínima que a entidade solicitante deberá achegar a través de fondos propios ou outros nunca poderá comprender financiamento solicitado ou concedido pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, a través de calquera dos medios previstos no V Plan Director da Cooperación Galega. Aceptarase financiamento solicitado ou concedido por outros organismos financiadores que sexan distintos da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, sempre que en ningún caso a totalidade do proxecto quede financiado con fondos da Xunta de Galicia.

As achegas do resto de financiadores non poderán ser na súa totalidade valorizados.

7.4. Os xuros que, se é o caso, xeren os fondos transferidos pola Xunta de Galicia, reinvestiranse en custos directos, de xeito que non poderán ser imputados a custos indirectos.

Artigo 8. *Gastos do proxecto*

8.1. Gastos subvencionables: Todos os gastos do proxecto deberán cumprir as condicións establecidas no presente artigo, con independencia de quen os financie e consideraranse subvencionables tanto os custos directos como os indirectos, agás no suposto de que as entidades solicitantes posúan ánimo de lucro, en cuxo caso se subvencionarán exclusivamente os custos directos.

a) Aqueles derivados da identificación da intervención, ata un máximo de 3.000 euros por proxecto, sempre que se realicen 3 meses antes da data de presentación da solicitude a esta convocatoria e aqueles gastos derivados do establecemento de liñas de base ata un máximo de 4.000 euros.

Para que poidan imputarse á subvención solicitada, tanto a identificación, como a liña de base do proxecto deberán contar coa participación de persoal externo ás organizacións beneficiarias, non podendo ser de carácter interno exclusivamente, neste caso deberán ser financiados coas achegas doutros financiadores.

b) Gastos de aluguer de locais para realizar as actividades incluídas dentro do proxecto (non inclúe aqueles correspondentes á sede da propia organización con cargo á subvención da Xunta de Galicia).

c) Axudas de custo, gastos de desprazamento e seguros de viaxe do profesorado, do persoal adscrito ao proxecto (remunerado e voluntario) e do colectivo destinatario ou participante do proxecto e, cando resulte imprescindible, as remuneracións de profesionais vinculados ás actividades do proxecto: profesorado, conferenciantes, monitores/as, investigadores/as...

O importe máximo a imputar á subvención solicitada á Xunta de Galicia será de 0,26 euros por Km, de 35,00 euros por dieta completa por manutención e de 18,00 euros para media dieta. No caso de que a organización teña recoñecidos importes superiores, a diferenza deberá ser asumida pola propia organización.

d) Asistencia a seminarios, xornadas e/ou talleres de formación técnica do persoal, socios/as, voluntariado, xunta directiva da entidade en Galicia, organizados por terceiros. Inclúense matrículas, gastos de viaxe e axudas de custo das persoas asistentes.

e) Gastos propios da actividade de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global, incluíndo a elaboración e o traslado de material vinculado á actividade, así como os gastos de publicidade, e de calquera outro servizo de diagnóstico, sistematización,

edición de vídeos ou outros necesarios para a realización da mesma (non se inclúen os de adquisición de bens inventariables).

f) Gastos de persoal ao servizo do proxecto, debidamente motivados. Poderán incluír salarios, finiquitos proporcionais ao período imputado ao proxecto, seguros sociais a cargo da entidade do persoal afecto á intervención. Queda excluído o persoal da entidade non vinculado á actividade de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global. O persoal vinculado ao proxecto debe ter o seu centro de traballo radicado na Comunidade Autónoma de Galicia. No caso de imputar como gasto as pagas extras, estas deberán computarse en proporción aos meses que o persoal está imputado ao proxecto.

A contía máxima (inclúe o financiamento solicitado á Xunta e máis o doutros financiadores e os valorizados) que se pode imputar a este concepto non superará o 70% do orzamento total do proxecto, incluído o persoal imputado na partida de custos indirectos.

g) Gastos vinculados ao deseño e elaboración por profesionais externos de plans vinculados coa educación para o desenvolvemento nas súas dimensións de sensibilización, formación, investigación para o desenvolvemento e mobilización social, como de plans de comunicación para o desenvolvemento, entre outros.

h) Comisións bancarias producidas na conta do proxecto, derivadas da realización de transferencias como pago dos gastos do proxecto.

i) Gastos derivados da avaliación externa da intervención, ata un máximo de 4.000 euros. A avaliación externa será obrigatoria no caso dos proxectos que reciban unha subvención igual ou superior a 20.000 euros, e naqueles que se desenvolven por fases, a partir da súa segunda fase. A avaliación externa poderá realizarse fóra do prazo de execución do proxecto.

j) Custos indirectos: aqueles gastos da entidade solicitante relacionados co proxecto e asociados á administración, xestión e/ou supervisión, non podendo exceder estes do 10% do orzamento total do proxecto. Non serán subvencionables no caso de que a entidade sexa unha empresa ou entidade con fin de lucro. O persoal imputado nesta partida,

computará para o cálculo do límite establecido para gastos de persoal do 70% do orzamento total.

Estes gastos imputaranse pola entidade beneficiaria á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente aceptadas e, en todo caso, na medida en que tales gastos correspondan ao período en que efectivamente se realiza a actividade.

Os gastos correspondentes a teléfono e internet consideraranse incluídos neste apartado.

k) En ningún caso se subvencionarán gastos de capital, como adquisición de equipos ou materiais non funxibles, nin gastos en atencións protocolarias (agasallos, xantares, festas, recepcións, ...), nin gastos derivados de procedementos xudiciais, nin as indemnizacións por despedimento do persoal.

l) Cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 15.000 euros no suposto de prestación de servizos por empresas de consultoría ou asistencia técnica, a entidade beneficiaria deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten, ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención. A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

8.2. Aceptaranse por parte da entidade solicitante e doutros financiadores (exceptuada a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea) achegas en especie ou valorizacións nos seguintes conceptos:

a) Aqueles derivados da realización da identificación, liña de base do proxecto, sempre que se respecten os prazos e importes establecidos para a súa realización no artigo 8.1 apartado a) das presentes bases.

b) Locais para a realización de actividades xustificadas dentro do proxecto (poderanse incluír aqueles correspondentes á propia sede da organización, na proporción que razoablemente corresponda ao desenvolvemento da actividade).

c) Materiais funxibles: poderán valorizarse aqueles directamente adscritos á consecución dos resultados esperados (material funxible que sexa destinado ao exercicio da actividade). Deberase presentar a valorización do achegado, acreditada de forma suficiente a través de facturas, xustificantes de compra ou valorización externa á da entidade solicitante. A valorización do material non poderá exceder do 2% do orzamento do proxecto.

Os elementos valorizados poderán ter sido adquiridos por motivos diferentes ao proxecto, polo que as facturas e xustificantes de compra poderán ser anteriores ao mesmo. Nestes casos deberase establecer un sistema de depreciación (exclúense materiais inventariables, non subvencionables nesta convocatoria).

d) Poderán valorizarse tamén a elaboración de diagnósticos e sistematizacións. A valorización de traballos de diagnóstico e sistematización incorporaranse na partida de gastos propios da actividade, tendo en conta o custo do servizo total e non as horas de traballo do persoal voluntario encargado.

e) Persoal voluntario: deberase presentar unha estimación xustificada das horas de traballo voluntario que se achegan e o custo suposto, que non deberá exceder de 20 euros por hora. Todo traballo voluntario realizarase baixo a forma de contrato privado, no que se especifiquen as responsabilidades (deberes e dereitos) de cada unha das partes, destacando o papel do/a voluntario/a no proxecto. No contrato debe constar o nome, apelidos e DNI da persoa voluntaria. A valorización do traballo das persoas voluntarias da organización imputarase na partida de persoal.

Artigo 9. Criterios de valoración dos proxectos

Os proxectos que cumpran os requisitos sinalados nestas bases reguladoras serán avaliados tendo en conta os seguintes criterios:

9.1. Aspectos relacionados coa entidade solicitante: ata 25 puntos.

1. Experiencia, traxectoria e capacidade de difusión e impacto da entidade en accións de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global en Galicia, suficientemente descrita nas carpetas 1 e 2, para os obxectivos e características do proxecto. Máximo: 5 puntos.

2. Capacidade de execución e seguimento do proxecto pola entidade (xestión, recursos humanos, técnicos e económicos de que dispón a entidade) para o desenvolvemento do proxecto. Máximo: 5 puntos.

3. Plan / estratexia de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global e/ou de mellora da entidade en Galicia para os vindeiros anos axeitadamente deseñada, na que se insire o proxecto proposto e que inclúa a complementariedade coas prioridades da política galega de cooperación. Máximo: 4 puntos.

4. Achega financeira da entidade solicitante ao proxecto. Esta deberá ser dun mínimo do 5% do custo total do proxecto para ser puntuada e non se valorarán as achegas en especie ou valorizados. Máximo: 2 puntos.

5. Contribución da entidade solicitante e establecemento de accións específicas para o fomento do sector galego de cooperación (valorándose a base social, o traballo e a presenza en Galicia, a participación activa en redes galegas e o acomodo a liñas estratéxicas da cooperación das axencias donantes). Máximo: 4 puntos.

6. Proposta presentada en agrupación de entidades. Terase en conta o valor engadido da agrupación ao proxecto, así como o reparto coherente e xustificado da participación de cada unha das entidades agrupadas. Máximo: 3 puntos.

7. Outros méritos que a entidade solicitante queira alegar relacionados coa súa integración en proxectos, campañas ou movementos globais, a súa experiencia de traballo en rede, a súa coordinación con outras institucións, entidades, organizacións da

sociedade civil e colectivos sociais a nivel local dos territorios nos que traballa. Máximo: 2 puntos.

9.2. Aspectos relacionados co proxecto: ata 75 puntos.

1. Pertinencia do proxecto, con especial atención ao contexto social, económico, político e cultural, en función do lugar/es de realización, do público obxectivo participante e dos resultados a conseguir. Valorarase especificamente a existencia dun proceso de identificación, ou diagnóstico participativo, e tamén dun proceso de avaliación anterior, que apoien a proposta. Valorarase ademais a definición expresa de estratexias alternativas de execución para o caso de producirse situacións ou fenómenos excepcionais que limiten ou dificulten o cumprimento parcial ou total dos obxectivos específicos, resultados e actividades previstas, tales como restricións de mobilidade e contacto social derivadas da pandemia. Máximo: 5 puntos.

2. Coherencia dos obxectivos e resultados formulados no proxecto, así como a calidade do deseño dos indicadores e das fontes de verificación para o seu seguimento e medición. Máximo: 5 puntos.

3. Accións que se van desenvolver e prazo de execución. Coherencia na programación temporal, tendo en conta o/s colectivo/s ao/s que vai dirixido e os resultado e produtos que se queren obter, especialmente no actual contexto. Valorarase o establecemento de propostas alternativas no caso de producirse situacións ou fenómenos excepcionais que limiten ou dificulten o cumprimento parcial ou total dos obxectivos específicos, resultados e actividades previstas, tales como restricións de mobilidade e contacto social derivadas da pandemia. Máximo: 4 puntos.

4. Contido da acción, enfoque pedagóxico e metodolóxico, segundo os criterios seguintes. Máximo: 25 puntos:

a) Proxectos que fomenten a xeración dunha cidadanía activa, concienciada e crítica que participa para a transformación social positiva a nivel local e global, a través do emprego de metodoloxías transformadoras dende a perspectiva da ética e a gobernanza global, asociadas a procesos de cambio persoal, que permitan a construción de identidades

cosmopolitas que recoñezan a interdependencia e a común pertenza á humanidade. Máximo: 3 puntos.

b) Accións educativas de formación e reflexión crítica que desenvolvan ferramentas prácticas, capacidades cognitivas e concienciadoras, e aprendizaxes significativas que permitan entender o modelo cultural no que vivimos e imaxinar outros alternativos máis xustos para construír colectivamente. Máximo: 3 puntos.

c) Iniciativas con posibilidades de xerar efectos multiplicadores por incorporar a diversidade e riqueza dos distintos espazos educativos existentes (formais, non formais e informais) e/ou por traballar con colectivos cunha alta capacidade de multiplicación e réplica como profesorado, futuros/as docentes, educadores/as de tempo libre e animación sociocultural, profesionais de medios de comunicación, colectivos feministas e/ou de mulleres así como calquera colectivo que traballe a prol das prioridades da política galega de cooperación. Máximo: 2 puntos.

d) Proxectos que acheguen outras realidades, fomenten a empatía intercultural, o respecto á diversidade cultural ou o intercambio de experiencias e capacidades como medio para o aumento do compromiso persoal e institucional coa transformación social e o desenvolvemento sostible. Máximo 3: puntos.

e) Actuacións que versen sobre a loita contra as causas da pobreza, as desigualdades e a exclusión social, así como as posibilidades reais de superación das mesmas a partir do coñecemento da realidade dos países empobrecidos e dos sectores máis vulnerables da poboación. Máximo: 2 puntos.

f) Accións destinadas á difusión dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) e á difusión, promoción e defensa dos Dereitos Humanos. Máximo: 3 puntos.

g) Accións que promovan a equidade de xénero, a sustentabilidade ambiental e o respecto á diversidade cultural e a cultura de paz. Máximo: 2 puntos.

h) Accións que promovan o comercio xusto, o consumo responsable, a economía solidaria. Máximo: 2 puntos.

i) Accións que inclúan a educación en valores dende unha perspectiva socioafectiva, e dos coidados, tendo en conta o importante papel das emocións como enerxías xeradoras de

cambio, que aporten ferramentas na resolución de conflitos e na xestión das emocións. Máximo: 2 puntos.

j) Intervencións integradas en estratexias ou proxectos dos axentes con marcos de planificación a medio prazo ou que dean continuidade a intervencións previas, superando o carácter puntual e illado das actuacións, sendo necesaria unha descrición precisa do proceso mais amplo que se está apoiando coa iniciativa. Máximo: 3 puntos.

5. Incidencia e impacto previsto das actividades: descrición precisa da poboación destinataria, cuantificación e desagregación, por sexo e idade, das persoas participantes, especificación da forma en que participa no proxecto e da súa pertenza a colectivos con posibilidade de multiplicación e réplica e/ou a colectivos tradicionalmente esquecidos neste tipo de intervencións (ANPAS, alumnado de Formación Profesional e/o de adultos, colexios profesionais, colectivos sociais...). Valorarase o establecemento de mecanismos de réplica. Máximo: 4 puntos.

6. Ámbito de incidencia e/ou execución en concellos de menos de 50.000 habitantes e/ou concellos de zonas de montaña ou situados en zonas desfavorecidas (de acordo co establecido no Regulamento (CE) 1257/1999 do Consello sobre a axuda ao desenvolvemento rural a cargo do Fondo Europeo de Orientación e de Garantía Agrícola). Máximo: 3 puntos.

7. Financiamento: coherencia dos gastos orzados cos obxectivos do proxecto. División dos custos por actividade. Máximo: 4 puntos.

8. Recursos humanos (asalariado e voluntario) e técnicos adecuados ás necesidades de execución e seguimento dos obxectivos do proxecto e persoal específico con formación en xénero, en dereitos humanos, en educación para o desenvolvemento e noutras prioridades da política galega de cooperación. Máximo: 3 puntos.

9. No caso de contratación de servizos externos valorarase a xustificación da necesidade dos mesmos, a definición e concreción dos criterios que se empregarán para a súa selección, así como a achega de propostas de servizo concretas. Máximo: 3 puntos.

10. Establecemento dunha liña de base que permita coñecer o punto de partida inicial e os avances producidos co proxecto, así como o contexto no que se vai desenvolver a acción. Máximo: 3 puntos.

11. Seguimento e avaliación previstos (internos e externos). Máximo: 4 puntos.

12. Grao e tipo de impacto esperado coa intervención e ferramentas establecidas para medilo. Máximo: 3 puntos.

13. Integración no proxecto do traballo en rede e a complementariedade con outros axentes e actores, para unha actuación coordinada e complementaria en educación para o desenvolvemento ou para coordinar e compartir estratexias de fortalecemento. Terase en especial consideración o traballo coa consellería competente en materia de Educación para aqueles proxectos que se desenvolvan no ámbito da educación formal así como para aqueles que xeren vínculos coa comunidade universitaria. Máximo: 3 puntos.

14. Orixinalidade, innovación e valor engadido da intervención. Máximo: 3 puntos.

15. Accións que contemplan a difusión de proxectos en execución ou executados con axudas da Xunta de Galicia, ou a realización de investigacións e sistematizacións aplicadas aos mesmos. Máximo: 3 puntos.

Artigo 10. *Instrución*

A instrución do procedemento corresponderá á Subdirección Xeral de Cooperación Exterior. Unha vez recibidas e examinadas as solicitudes, se estas non reúnen os requisitos sinalados ou carecen de documentación, requirirase ás entidades interesadas para que, nun prazo de dez días, corrixan a falta ou acompañen os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixesen, considerarase que desisten da súa petición, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos nos artigos 21, 22 e 23 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Artigo 11. *Notificacións*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practicaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do sistema de notificacións electrónicas de Galicia, Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.
3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia - Notifica.gal, dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>) para todos os procedementos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderán de oficio crear o indicado enderezo, aos efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.
4. As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido, entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.
5. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 12. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar trala presentación da solicitude deberán ser realizados electronicamente accedendo á carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 13. *Valoración das solicitudes*

13.1 Para a valoración dos proxectos constituirase una comisión avaliadora, que adaptará o seu funcionamento ao previsto nesta convocatoria e, supletoriamente, aos preceptos contidos no título preliminar, capítulo II, sección 3º, artigos 25 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. A comisión estará integrada polos seguintes membros:

Presidente/a: a persoa titular da Subdirección Xeral de Cooperación Exterior.

Secretario/a: un/unha funcionario/a da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea.

Vogais: dous funcionarios/as da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea.

A comisión, para unha mellor valoración dos proxectos e con anterioridade a ditarse a proposta de resolución, poderá solicitar os informes técnicos que se consideren oportunos. Ditos informes, que en ningún caso serán vinculantes, de encargarse, terán que ser realizados por persoas expertas independentes non vinculadas a ningún dos axentes de cooperación.

As persoas que interveñan na comisión de valoración manifestarán de forma expresa a ausencia de conflitos de intereses, non podendo participar na comisión persoas nas que exista devandito conflito.

13.2. Para superar a fase de valoración será necesario acadar unha puntuación mínima do 50% (12,5 puntos) nos criterios establecidos no apartado 9.1 da presente orde e do 50% (37,5 puntos) naqueles establecidos no apartado 9.2.

No caso de empate na puntuación total obtida, este resolverase aplicando por orde os seguintes criterios:

- a) A maior puntuación obtida na valoración do proxecto.
- b) A maior puntuación obtida na valoración da entidade solicitante.

Unha vez superada a fase de avaliación, establecerase unha listaxe coas puntuacións obtidas en orde descendente para cada un dos proxectos presentados. Serán financiados por orde de puntuación todos aqueles proxectos que sexa posible dentro da contía total asignada a esta convocatoria.

Cando da prelación dos proxectos avaliados resulte que o último proxecto con financiamento non acade a totalidade da subvención solicitada, a Comisión de Avaliación, en virtude do artigo 25 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, instará ao beneficiario á reformulación da súa solicitude para axustar os compromisos e condicións á subvención outorgable, a cal será novamente avaliada pola dita Comisión aos efectos de comprobar que se respecten o obxecto, condicións e finalidade da subvención, así como os criterios de valoración establecidos respecto das solicitudes ou peticións.

13.3. No suposto de que non se esgotasen os recursos financeiros asignados a esta convocatoria, a Xunta de Galicia empregará ditos recursos para financiar outras actuacións de cooperación para o desenvolvemento a través dos outros medios previstos no Plan Director da Cooperación Galega e de conformidade co establecido na Lei de réxime orzamentario de Galicia e nas leis anuais de orzamentos.

Artigo 14. Prazo de resolución

O prazo de resolución e notificación será de catro meses como máximo, contados dende o día seguinte ao de finalización do prazo de presentación de solicitudes. De non notificarse resolución expresa neste prazo, as solicitudes teranse por desestimadas.

Artigo 15. Resolución

Á vista da proposta de resolución do instrutor debidamente motivada, o órgano competente por delegación do conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes resolverá o procedemento.

Artigo 16. Compatibilidade de subvencións

As axudas aquí reguladas serán compatibles con calquera outra procedente doutras administracións públicas, organizacións internacionais, entidades privadas non lucrativas ou doazóns de particulares, sempre e cando a suma de todas as obtidas non supere o custo do proxecto subvencionado.

A entidade beneficiaria obrígase a comunicarlle ao órgano concedinte a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

Artigo 17. Aceptación da subvención e compromiso de financiamento

Unha vez notificada a concesión da axuda, a entidade beneficiaria presentará, nun prazo máximo de dez días, e por vía electrónica, declaración da aceptación da mesma na que conste o seu compromiso de achegar directamente ou cubrir con outras achegas a diferenza entre o custo total do proxecto e a contía da subvención finalmente concedida. Transcorrido dito prazo sen que se producise manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada, de acordo co establecido no artigo 21.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Igualmente deberán confirmar, se é o caso, que as subvencións solicitadas a outras institucións xa foron concedidas, ou ben que se compromete a financiar as cantidades adicionais que correspondan.

Así mesmo, a entidade beneficiaria poderá, dentro do mesmo prazo, renunciar á axuda ou presentar unha readaptación á subvención concedida sempre que tecnicamente sexa posible e non altere a finalidade, obxecto e condicións da dita subvención. Esta solicitude de readaptación será sometida a unha nova análise aos efectos de comprobar que non afecte á orde de prelación dos proxectos subvencionados. Tras as comprobacións pertinentes ditarase, de novo, unha resolución polo mesmo órgano que ditou a resolución inicial, a cal lle será notificada á entidade no prazo dun mes.

De producírense renuncias ás subvencións ou revogacións das axudas, os seus importes poderán destinarse a incrementar a axuda inicialmente concedida a outros proxectos ou ben a subvencionar os que, reunindo os requisitos destas bases reguladoras e inicialmente non subvencionados, quedasen sen financiación ou esta non acadara a totalidade da subvención solicitada.

Artigo 18. *Anticipos*

18.1. Con base na disposición adicional segunda da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e en atención á coherencia co obxecto e finalidade das subvencións, realizaranse pagamentos anticipados do 100% da anualidade de que se trate e sen necesidade de esixir garantía, sendo obrigatorio presentar un informe de seguimento cando remate a primeira anualidade e o informe técnico final na segunda anualidade nos termos establecidos no artigo seguinte. Cada unha das anualidades da subvención débese xustificar con gastos executados e pagados dentro da respectiva anualidade.

18.2. Para o pagamento do primeiro anticipo da subvención, as entidades beneficiarias deberán presentar o anexo IV desta orde asinado dixitalmente polo/a representante legal da entidade.

No caso de subvencións outorgadas a entidade/s agrupada/s, aquelas distintas da solicitante deberán achegar o anexo III actualizado ou os documentos que acrediten ditas circunstancias.

18.3. No caso de proxectos plurianuais, para o pagamento da subvención concedida na segunda anualidade, e unha vez xustificada a primeira anualidade de acordo coas previsións do artigo 19.4 destas bases reguladoras, as entidades beneficiarias deberán presentar o anexo IV de solicitude do pagamento anticipado da contía concedida para esta anualidade, asinada dixitalmente polo/a representante legal da entidade.

No caso de subvencións outorgadas a entidade/es agrupada/s, aquelas distintas da solicitante deberán achegar o anexo III actualizado ou os documentos que acrediten ditas circunstancias.

Artigo 19. Prazo e forma de xustificación das subvencións outorgadas

19.1. En base ao que establece a disposición adicional segunda da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a lexislación vixente reguladora da cooperación para o desenvolvemento e co fin de lograr unha maior eficacia e eficiencia dos fondos públicos e considerando a natureza dos proxectos e as características dos destinatarios, a xustificación destas subvencións rexerase polo previsto nos apartados seguintes.

19.2. As subvencións concedidas para proxectos que teñan un período de execución comprendido no exercicio corrente deberán ser xustificadas, coa documentación que se sinala no apartado quinto deste artigo, no prazo máximo de tres meses dende a finalización do prazo para a realización das actividades do proxecto subvencionado, conforme co establecido no artigo 28.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e con data límite 31 de marzo de 2025.

Os proxectos con subvención plurianual xustificarán cada anualidade independentemente e conforme co establecido no artigo 28.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A primeira anualidade dentro do primeiro trimestre do ano seguinte, coa documentación que se sinala no apartado cuarto deste artigo e a segunda anualidade coa documentación que se sinala no apartado quinto deste artigo e nos prazos indicados nos apartados 1 e 2 do punto 5.

19.3. Para a presentación dos informes técnicos de seguimento e final, deberá utilizarse o modelo facilitado pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea da Xunta de Galicia, que se poderá descargar da páxina web <https://cooperacion.xunta.gal/>.

19.4. Para a xustificación da primeira anualidade a entidade beneficiaria deberá presentar a xustificación no modelo que figura como anexo V acompañado dos seguintes documentos:

a) Certificación da persoa que ostente a representación legal da entidade solicitante, acreditativa da execución do proxecto de conformidade ao previsto e da aplicación dos

fondos ao fin destinado, asinada dixitalmente pola persoa representante legal da entidade.

b) Informe técnico de seguimento sobre o estado de execución do proxecto, que deberá estar asinado dixitalmente pola persoa responsable da xestión técnica-económica do proxecto en Galicia.

c) Certificación dos gastos do proxecto na primeira anualidade, por partidas orzamentarias e no que se indique as distintas fontes de financiamento, asinado dixitalmente pola persoa que ostente a representación legal da entidade beneficiaria.

d) Certificado desagregado e detallado de custos indirectos, asinado dixitalmente pola persoa que teña a representación legal da entidade beneficiaria.

e) Relación de todos os gastos efectuados, con indicación da data, número da factura ou do documento xustificativo, identificación do emisor destas, data e forma de pago e descrición do gasto, co seu importe en euros.

f) Para os proxectos cuxa subvención sexa igual ou superior a 30.000 euros, deberán presentar os xustificantes dos gastos correspondentes a esta anualidade, facturas ou documentos de valor probatorio no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, e incorporados na relación de gastos á que se fai referencia anteriormente e a documentación acreditativa do seu pagamento.

g) Documento da liña base, no seu caso.

19.5. Para a xustificación final do proxecto e co fin de acreditar a realización total das actividades, así como a finalidade para a que se concedeu a subvención, a entidade beneficiaria deberá presentar tanto a xustificación técnica como a económica nos prazos e coa documentación que se sinala a continuación:

19.5.1 Xustificación técnica. A entidade beneficiaria da subvención deberá presentar antes do 30 de decembro de 2025 o escrito de presentación da xustificación no modelo que figura como anexo VI acompañado dos seguintes documentos:

- Certificación da persoa que ostente a representación legal da entidade beneficiaria acreditativa da total realización do proxecto e da aplicación dos fondos ao fin destinado, asinada dixitalmente pola persoa que ostente a representación legal da entidade beneficiaria.
- Informe técnico final de execución asinado dixitalmente pola persoa responsable da xestión técnica económica do proxecto en Galicia sobre os obxectivos, actividades e resultados acadados polo proxecto, que indicará, co máximo detalle, os obxectivos conseguidos, os resultados obtidos, as actividades realizadas, o proceso de transferencia e a xestión das intervencións tras a súa finalización, así como a análise da súa sustentabilidade futura.

Esta xustificación permitirá constatar e verificar o cumprimento dos requisitos técnicos fixados da presente orde de bases, e entenderase suficiente aos efectos do establecido no artigo 45.5 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro.

19.5.2 Xustificación económica e de resultados: comprenderá toda a documentación que acredite os gastos efectuados con cargo á subvención concedida e a de avaliación externa de resultados, no seu caso, tanto aquela obrigatoria ao final da intervención, no caso dos proxectos de subvencións superiores a 20.000 euros, ou por fases, como outras non obrigatorias, pero que se contemplen no documento de formulación que acompaña á solicitude de subvención e o documento da liña base, no caso de non telo aportado na xustificación intermedia. A entidade beneficiaria da subvención deberá presentar toda esta documentación antes do 31 de marzo de 2026 xunto co escrito de presentación da xustificación no modelo que figura como anexo VII.

A xustificación económica realizarase mediante a conta xustificativa das actividades realizadas, polo seu custo total e desagregado, e irá acompañada de toda a documentación que acredite os gastos efectuados con cargo á subvención concedida.

A conta xustificativa poderá ser, ben mediante a forma de xustificación simplificada, no caso de proxectos cuxo importe de subvención sexa inferior a 30.000 euros, ou ben con entrega de xustificantes, no caso de proxectos cuxo importe de subvención sexa igual ou superior a 30.000 euros. Estas contas incluírán:

- Certificación dos gastos co importe total do proxecto distribuídos por partidas orzamentarias e na que se indique as distintas fontes de financiamento, asinado dixitalmente pola persoa que ostente a representación legal da entidade beneficiaria.
- Certificado desagregado e detallado de custos indirectos, asinado dixitalmente pola persoa que ostente a representación legal da entidade beneficiaria.
- Relación de todos os gastos efectuados, con indicación da data, número da factura ou do documento xustificativo do gasto, identificación do emisor destas, data e forma de pago e descrición do gasto co seu importe en euros.
- Para os proxectos cuxa subvención sexa inferior a 30.000 euros, a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, mediante técnica de mostraxe aleatorio simple, requirirá ás entidades beneficiarias a achega dos xustificantes de gastos directos que estime oportunos, que suporán polo menos o 25% da cantidade subvencionada.
- Para os proxectos cuxa subvención sexa igual o superior a 30.000 euros, deberán presentar os xustificantes dos gastos correspondentes á segunda anualidade, facturas ou documentos de valor probatorio no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporados na relación de gastos da anualidade correspondente e a documentación acreditativa do seu pagamento.
- Cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 15.000 euros no suposto de subministración de bens de equipo ou prestación de servizos por empresas de consultoría ou asistencia técnica, a entidade beneficiaria deberá presentar as tres ofertas solicitadas conforme ao disposto no artigo 8.1.l destas bases.

19.6. No caso de proxectos executados por una agrupación de entidades na que participen as universidades e conforme ao establecido no artigo 28.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a xustificación económica da parte executada directamente pola universidade consistirá nunha certificación de gastos asinada dixitalmente pola

Intervención ou órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.

19.7. A entidade beneficiaria terá que conservar todos os comprobantes de gasto e de pago durante un período de 4 anos, dende a presentación da xustificación final do proxecto. Nestes supostos, os xustificantes quedarán a disposición das actuacións e comprobación da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea e dos órganos de control establecidos pola normativa vixente.

Os gastos acreditaranse mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa. No orixinal da factura ou do documento xustificativo do gasto é obrigatoria a impresión dun selo-dilixencia en todos os documentos orixinais (facturas, recibos ou outros) de gastos. Nela debe figurar a convocatoria anual da subvención xustificada, número de expediente, así como a referencia «Proxecto subvencionado pola XUNTA DE GALICIA», indicando ademais o tanto por cento de financiamento que lle imputa a cada unha das entidades financeiras do proxecto. No suposto de documentos de gasto nos que resulte imposible a impresión de tal selo-dilixencia, como consecuencia do seu tamaño, acompañaranse cunha relación dos mesmos en que se faga constar a mencionada dilixencia.

Os pagos acreditaranse coa presentación do comprobante bancario de acordo co previsto no artigo 42.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, agás no caso de pagamentos de importe inferior a 1.000,00 euros, caso no que se aceptará o recibín do proveedor. No caso de gastos superiores a 1.000,00 euros non se aceptará o pagamento en efectivo.

Todos os comprobantes de gasto e pagamento deberán referirse expresamente a actividades comprendidas no período de execución, é dicir, a actividades realizadas entre a data de inicio e a de remate do prazo de execución dos proxectos, coa excepción dos gastos de identificación que poderán realizarse no prazo dos tres meses anteriores á data de presentación da solicitude a esta convocatoria e os gastos da avaliación externa que poderá realizarse fóra do prazo de execución do proxecto.

No caso de non xustificar a totalidade do proxecto, o importe da subvención concedida reducirase na mesma proporción na que se reduza a cantidade xustificada respecto do orzamento total presentado. O importe resultante poderá ser devolto á Administración de forma voluntaria consonte ao establecido no artigo 23 destas bases.

Artigo 20. Obrigas da entidade beneficiaria, seguimento, avaliación e control dos proxectos

20.1. As entidades beneficiarias deberán realizar a intervención para a que se lles concedeu a axuda no período de tempo determinado no documento de formulación, axustándose ao custo concedido para cada anualidade. A estes efectos considérase vinculante o orzamento e a documentación presentada no documento de formulación do proxecto e na solicitude ou, no seu caso, da reformulación de terse efectuado.

As entidades beneficiarias das axudas estarán obrigadas a xustificar a totalidade dos gastos do proxecto, non só a parte correspondente á axuda recibida.

20.2. As entidades beneficiarias de axudas deberán informar de xeito inmediato á Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea sobre calquera acontecemento que altere ou dificulte notoriamente o adecuado desenvolvemento do proxecto subvencionado. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

20.3. As entidades beneficiarias obríganse a facilitar ao órgano xestor toda cantidade de información lles sexa requirida respecto dos proxectos subvencionados. Asemade, as entidades beneficiarias obríganse a conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

20.4. Así mesmo, as entidades beneficiarias obríganse a incorporar de forma visible en todas as accións derivadas do proxecto subvencionado (placas, letreiros, carteis, publicacións, material de difusión, publicidade, etc.) os logotipos oficiais da Xunta de Galicia e da Cooperación Galega, todo isto en formato duradeiro e material resistente,

para a debida difusión da orixe da subvención, conforme ao Decreto 112/2021, de 22 de xullo, polo que se aproba o uso dos elementos básicos da identidade corporativa da Xunta de Galicia.

Cando a organización financiada exhiba o seu propio logotipo, o da Xunta de Galicia e o da Cooperación Galega deberán figurar co mesmo tamaño e en iguais condicións de seguridade. Ambos os dous logotipos poderán descargarse da páxina web da Cooperación Galega <https://cooperacion.xunta.gal/>.

20.5 Os documentos e o material divulgativo publicados, tanto en papel como en soporte audiovisual e/ou electrónico, que sexan resultado de actuacións financiadas pola Xunta de Galicia, ademais de conter o logotipo e o nome da Xunta de Galicia como financiador, deberán incluír o seguinte parágrafo, traducido ás linguas na que se publiquen os documentos ou materiais divulgativos: "Esta publicación realizouse co apoio financeiro da Xunta de Galicia. O contido de dita publicación é responsabilidade exclusiva de <NOME ENTIDADE> e non reflicte necesariamente a opinión da Xunta de Galicia".

20.6. No proceso continuo de homoxeneizar os procedementos, metodoloxía e formularios de xestión do ciclo dos proxectos cos da Cooperación Oficial Española e da Unión Europea, o seguimento e avaliación dos proxectos rexerase polos criterios básicos de pertinencia, eficacia, eficiencia, impacto e sustentabilidade, seguindo a metodoloxía do marco lóxico e a xestión do ciclo do proxecto establecidos polo CAD e a propia Unión Europea.

20.7. A xestión dos proxectos poderá ser examinada durante a súa execución ou unha vez finalizada por representantes da Xunta de Galicia con competencias en materia de cooperación exterior ou por empresas avaliadoras contratadas ao efecto, para o que a entidade beneficiaria facilitará o acceso ás contas e documentos xustificativos requiridos, así como a calquera outra documentación relevante na execución do proxecto.

O control financeiro interno correspóndelle á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.

Artigo 21. Modificación das condicións

Precisarase autorización previa e expresa para calquera modificación substancial do proxecto, entendendo por tal aquela que afecte aos seus obxectivos, resultados, persoas beneficiarias, lugar e prazo de execución e xustificación. As solicitudes de modificacións substanciais do proxecto deberán estar suficientemente motivadas e ser formuladas por escrito dirixido ao director xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, que resolverá e notificará no prazo dun mes sobre a súa autorización ou denegación.

Artigo 22. Devolución voluntaria da subvención

De acordo co establecido no artigo 64 do regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá realizar, sen o requirimento previo da Administración, a devolución total ou parcial da subvención concedida, mediante o seu ingreso na conta ES82 2080 0300 87 3110063172 de titularidade "Xunta de Galicia" situada na entidade ABANCA, en concepto de devolución voluntaria da subvención, de conformidade co previsto no artigo 34 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e na disposición adicional terceira da Lei 1/2023, de 20 de febreiro, de cooperación para o desenvolvemento sostible e a solidariedade global.

En todo caso, a entidade beneficiaria deberá presentar ante o órgano concedente copia xustificativa da devolución voluntaria realizada, na que conste a data do ingreso, o seu importe, o motivo da devolución e o número do expediente e denominación da subvención concedida.

Artigo 23. Reintegro por incumprimento

23.1. Procederá o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de demora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

23.2. De conformidade co artigo 14.1, letra n), da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o importe que haberá que reintegrar por posibles incumprimentos das

condicións impostas con motivo da concesión das subvencións determinarase de acordo cos seguintes criterios de gradación:

- a) O incumprimento total das obrigas e os fins para os que se outorgou a subvención e o incumprimento total das obrigas de xustificación dará lugar ao reintegro da totalidade da cantidade concedida.
- b) A cantidade que se vaia reintegrar no caso de incumprimento parcial na execución das accións ou gastos e no caso de incumprimento parcial na xustificación será determinada, de acordo co criterio de proporcionalidade, polo volume e grao de incumprimento das condicións impostas con motivo da concesión da subvención.
- c) No caso de demora na presentación da documentación xustificativa da subvención e sempre que o cumprimento pola entidade beneficiaria se aproxime de modo significativo ao cumprimento total e sexa acreditado por estes unha actuación inequivocamente tendente á satisfacción dos seus compromisos, solicitarase a devolución do 10 % da subvención concedida.

Artigo 24. Información aos órganos fiscalizadores

As entidades beneficiarias estarán obrigadas a facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Xunta de Galicia, o Tribunal de Contas español e o Consello de Contas de Galicia no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Artigo 25. Transparencia e bo goberno

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da

Lei 1/2016 á que se atopen vinculadas, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no Título I da citada lei.

Artigo 26. Recursos

As resolucións expresas ou presuntas recaídas en aplicación do disposto nestas bases reguladoras esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer os seguintes recursos:

a) Potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación, no caso de que o acto fora expreso. Se este non o fora (acto presunto) o solicitante e outros posibles interesados poderán interpoñelo en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que este se produza, de conformidade co establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

b) Directamente, recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da notificación, ou no prazo de seis meses, contados a partir do día seguinte a aquel no que se producise o acto presunto.

Artigo 27. Remisión normativa

Para o non previsto nestas bases será de aplicación a Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, o Decreto 29/2017, de 9 de marzo, de cooperación para o desenvolvemento, a Lei 1/2023, de 20 de febreiro, de cooperación para o desenvolvemento sostible e a solidariedade global, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como os do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Artigo 28. Información ás persoas beneficiarias

28.1 De acordo co establecido no artigo 14, letra ñ), da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as persoas beneficiarias quedan informadas cos datos consignados no modelo normalizado de solicitude, dos aspectos básicos previstos no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos seus datos persoais e á libre circulación destes datos (RXPd), e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

28.2 Por outra banda, de conformidade co previsto no artigo 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, deberáselle transmitir á Base de datos nacional de subvencións o texto da convocatoria e a información requirida pola dita base de datos.

Diego Calvo Pouso

Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes



PROCEDEMENTO

AXUDAS ÁS ONGD PARA EXECUCIÓN DE PROXECTOS DE EDUCACIÓN PARA O
DESENVOLVEMENTO E A CIDADANÍA GLOBAL

CÓDIGO DO
PROCEDEMENTO

PR804A

DOCUMENTO

SOLICITUDE

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL

NIF

TIPO

NOME DA VÍA

NÚM.

BLOQ.

ANDAR

PORTA

PARROQUIA

LUGAR

CÓDIGO POSTAL

PROVINCIA

CONCELLO

LOCALIDADE

TELÉFONO 1

TELÉFONO 2

CORREO ELECTRÓNICO

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia - [Notifica.gal](https://notifica.xunta.gal) (<https://notifica.xunta.gal>).

Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.

Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de [Notifica.gal](https://notifica.gal):

TELÉFONO MÓBIL

CORREO ELECTRÓNICO

DATOS BANCARIOS

Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA

NÚMERO DE CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)

IBAN



DATOS ESPECÍFICOS DO SOLICITANTE

PÁXINA WEB

DATA CONSTITUCIÓN

DATA INSCRICIÓN NO REXISTRO GALEGO

Nº REXISTRO GALEGO DA ENTIDADE

Nº DE SOCIOS

PPERSOAL EN GALICIA

SEDE CENTRAL EN GALICIA

☐ SI ☐ NON

TEN OUTRAS DELEGACIÓNS
NO RESTO DO ESTADO

☐ SI ☐ NON

GALICIA

REMUNERADO

RESTO ESPAÑA

VOLUNTARIO

TOTAL

TOTAL

DATOS DO PROXECTO

TÍTULO DO PROXECTO

PROXECTO EN AGRUPACIÓN CON

PRAZO DE EXECUCIÓN PROXECTO

DATA INICIO (MES/ANO)

DATA FINALIZACIÓN (MES/ANO)

CUSTO TOTAL PROXECTO

SUBVENCIÓN SOLICITADA (en euros)

% COFINANCIAMENTO DA XUNTA

DATOS DA/S PERSOA/S RESPONSABLES DO PROXECTO

NOME DA PERSOA RESPONSABLE DA XESTIÓN DO PROXECTO EN GALICIA

CARGO

TELÉFONO 1

TELÉFONO 2

CORREO ELECTRÓNICO

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- ☐ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os que se solicita esta subvención.
- ☐ Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os que se solicita esta subvención, que son as que a continuación se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE (€)

2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

3. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

4. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

5. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE

CARPETA 1: Información relativa á entidade solicitante e entidades agrupadas, no seu caso.

- ☐ Declaración do artigo 10 da Lei de subvencións para entidades agrupadas distintas da solicitante (Anexo III), no seu caso.
- ☐ Contrato ou acordo de colaboración asinado polas persoas que ostenten a representación legal das entidades polo que se obrigan solidariamente ante a Xunta de Galicia polas posibles responsabilidades derivadas da execución do proxecto e, se é o caso, ao reintegro total ou parcial das subvencións nos supostos de falsidade ou ocultación de datos ou incumprimento pleno ou parcial dos fins para os que se lle concedeu a subvención, no caso de agrupación de entidades.
- ☐ Certificación, expedida pola persoa que ostente a representación legal, autorizando a participación no proxecto e autorizando, así mesmo, o compromiso de gasto correspondente, no caso de agrupación de entidades na que participen as universidades.
- ☐ Compromiso de non obter ningún beneficio da operación, no caso de axentes de cooperación que pola súa natureza xurídica posúan ánimo de lucro

	ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO
☐ Copia das contas anuais da entidade da última liquidación do orzamento rendida e aprobada polo órgano competente da entidade, con excepción das universidades.			
☐ Memoria da organización en Galicia na que se inclúan as accións da entidade nos últimos dous anos.			
☐ Plan/estratexia de educación para o desenvolvemento en Galicia e/ou plan/estratexia específica nas áreas de educación, formación, sensibilización, investigación ou incidencia e mobilización social da organización en Galicia para os seguintes anos na que se enmarca o proxecto presentado ou, se é o caso, o plan continuo de mellora da entidade.			

CARPETA 2: Información relativa o proxecto.

- ☐ Formulario de presentación do proxecto no documento normalizado.
- ☐ Orzamento do proxecto no documento normalizado.

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
DNI ou NIE da persoa representante	☐
Certificado da Tesouraría Xeral da Seguridade Social de estar ao corrente nos pagos	☐
Certificado de estar ao día no pagamento de débedas coa Administración pública da comunidade autónoma	☐
Vixencia dos datos depositados no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento	☐
Inhabilitación para obter subvencións e axudas	☐
Concesión de subvencións e axudas	☐
CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	AUTORIZO A CONSULTA
NIF da entidade solicitante	☐ Si ☐ Non
Certificado da Axencia Estatal da Administración Tributaria de estar ao corrente no pagamento de obrigas tributarias para a solicitude de axudas e subvencións	☐ Si ☐ Non



INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais inclúiranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigos 6.1., letras c) e e) do RXPd e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro,
Destinatarios dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en (https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos).
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	(https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Orde do de 2024, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global a executar polas organizacións non gobernamentais de desenvolvemento e se procede á súa convocatoria.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

	,		de		de	
----------------------	---	----------------------	----	----------------------	----	----------------------



DECLARACIÓN ARTIGO 10 LEI DE SUBVENCIONS PARA ENTIDADES AGRUPADAS DISTINTAS DA SOLICITANTE
PR804A - AXUDAS ÁS ONGD PARA EXECUCIÓN DE PROXECTOS DE EDUCACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO E A CIDADANÍA GLOBAL

EXPEDIENTE

DATOS DA ENTIDADE AGRUPADA

RAZÓN SOCIAL

NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA

Que non está incurso en ningunha das circunstancias previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento e no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
DNI/NIE da persoa representante	☐
Certificado da Tesouraría Xeral da Seguridade Social de estar ao día nos pagamentos	☐
Certificado da consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia de non ter débedas	☐
Vixencia dos datos depositados no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento	☐
Inhabilitacións para obter subvencións e axudas	☐
Concesión de subvencións e axudas	☐
CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS	AUTORIZO A CONSULTA
A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	
NIF da entidade agrupada	☐ SI ☐ NON
Certificado da Axencia Estatal de Administración Tributaria de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias para a solicitude de axudas e subvencións	☐ SI ☐ NON

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluíranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigo 6.1, letras c) e e), do RXP, e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, se é o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

SOLICITUDE DE PAGAMENTO DE ANTICIPO

PR804A - AXUDAS ÁS ONGD PARA EXECUCIÓN DE PROXECTOS DE EDUCACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO E A CIDADANÍA GLOBAL

EXPEDIENTE

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL

NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

DATOS BANCARIOS DA ENTIDAD SOLICITANTE

Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA

NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)

IBAN

A PERSOA REPRESENTANTE SOLICITA

De conformidade co que establece o artigo 18 da orde pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrência competitiva, para a execución de proxectos de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global que execute as organizacións non gobernamentais de desenvolvemento, e se procede á súa convocatoria, o pagamento do anticipo da subvención concedida para esta anualidade do proxecto:

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- ☐ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención.
- ☐ Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE	ESTADO (solicitada/concedida)

2. Que a/as entidade/s solicitante/s non está/n incurso/s en ningunha das circunstancias previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento e no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

- ☐ Declaración do artigo 10 da Lei de subvencións para entidades agrupadas distintas da solicitante (anexo III), de ser o caso.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de



XUSTIFICACIÓN DA 1ª ANUALIDADE

PR804A - AXUDAS ÁS ONGD PARA EXECUCIÓN DE PROXECTOS DE EDUCACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO E A CIDADANÍA GLOBAL

EXPEDIENTE

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL

NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA

De conformidade co que establece o artigo 19.4 da orde pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global que executen as organizacións non gobernamentais de desenvolvemento, e se procede á súa convocatoria, presenta a xustificación da primeira anualidade do proxecto:

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

- ☐ Certificación da persoa que exerza a representación legal da entidade solicitante, acreditativa da execución do proxecto de conformidade ao previsto e da aplicación dos fondos ao fin destinado, asinada dixitalmente pola persoa representante legal da entidade.
- ☐ Informe técnico de seguimento sobre o estado de execución do proxecto, que deberá estar asinado dixitalmente pola persoa responsable da xestión técnico-económica do proxecto en Galicia.
- ☐ Certificación dos gastos do proxecto na primeira anualidade, por partidas orzamentarias e no cal se indiquen as distintas fontes de financiamento, asinado dixitalmente pola persoa que exerza a representación legal da entidade beneficiaria.
- ☐ Certificado desagregado e detallado de custos indirectos, asinado dixitalmente pola persoa que teña a representación legal da entidade beneficiaria.
- ☐ Relación de todos os gastos efectuados, con indicación da data, número da factura ou do documento xustificativo, identificación do emisor destas, data e forma de pago e descrición do gasto, co seu importe en euros.
- ☐ Para os proxectos cuxa subvención sexa igual ou superior a 30.000 €, deberán presentar a totalidade dos xustificantes dos gastos correspondentes a esta anualidade, facturas ou documentos de valor probatorio no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporados na relación de gastos a que se fixo referencia anteriormente e a documentación acreditativa do seu pagamento.
- ☐ Documento da liña base, de ser o caso.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de

XUSTIFICACIÓN TÉCNICA FINAL

PR804A - AXUDAS ÁS ONGD PARA EXECUCIÓN DE PROXECTOS DE EDUCACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO E A CIDADANÍA GLOBAL

EXPEDIENTE

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL

NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA

De conformidade co que establece o artigo 19.5 da orde pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para proxectos de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global que executen as organizacións non gobernamentais de desenvolvemento, e se procede á súa convocatoria, presenta a xustificación final do proxecto:

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

- ☐ Certificación da persoa que exerza a representación legal da entidade beneficiaria acreditativa da total realización do proxecto e da aplicación dos fondos ao fin destinado, asinada dixitalmente pola persoa que exerza a representación legal da entidade beneficiaria.
- ☐ Informe técnico final de execución sobre os obxectivos, actividades e resultados acadados polo proxecto. Deberá estar asinada dixitalmente pola persoa responsable da xestión técnico-económica do proxecto en Galicia.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de



XUSTIFICACIÓN ECONÓMICA E DE RESULTADOS

PR804A - AXUDAS ÁS ONGD PARA EXECUCIÓN DE PROXECTOS DE EDUCACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO E A CIDADANÍA GLOBAL

EXPEDIENTE

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL

NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

A PERSOA REPRESENTANTE PRESENTA

De conformidade co que establece o artigo 19.5 da orde pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrência competitiva, para proxectos de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global que executen as organizacións non gobernamentais de desenvolvemento, e se procede á súa convocatoria, xustificación final do proxecto:

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas para o proxecto:

- ☐ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención.
- ☐ Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE	ESTADO (solicitada/concedida)

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

- ☐ Avaliación externa obrigatoria para os proxectos de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global que reciben unha subvención superior a 20.000 euros, así como outras non obrigatorias que se recollan no documento de formulación que se achega coa solicitude de subvención.
- ☐ Documento da liña base, no caso de non telo presentado na xustificación intermedia.
- ☐ Certificación dos gastos co importe total do proxecto distribuídos por partidas orzamentarias e na cal se indique as distintas fontes de financiamento, asinado dixitalmente pola persoa que exerza a representación legal da entidade beneficiaria.
- ☐ Certificado desagregado e detallado de custos indirectos, asinado dixitalmente pola persoa que ostente a representación legal da entidade beneficiaria.
- ☐ Relación de todos os gastos efectuados, con indicación da data, número da factura ou do documento xustificativo, identificación do emisor destas, data e forma de pagamento e descrición do gasto, co seu importe en euros.
- ☐ Para os proxectos cuxa subvención sexa igual ou superior a 30.000 €, deberán presentar os xustificantes dos gastos correspondentes á segunda anualidade, facturas ou documentos de valor probatorio no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporados na relación de gastos da anualidade correspondente e a documentación acreditativa do seu pagamento.
- ☐ Tres ofertas solicitadas, no caso de que o importe do gasto subvencionable supere a contía de 15.000 euros no suposto de subministración de bens de equipamento ou prestación de servizos por empresas de consultoría ou asistencia técnica
- ☐ Certificación de gastos asinada dixitalmente pola Intervención ou órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida, no caso de universidades.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de